

## ACLARACIÓNS AO MÁSTER DE SECUNDARIA

A lexislación educativa vixente establece que para impartir docencia en secundaria cómpre acreditar formación pedagóxica e didáctica.

Até ao de agora, esa formación acreditábase mediante a posesión do título de Profesional de Especialización Didáctica, do certificado de Cualificación Pedagóxica ou do Certificado de Aptitude Pedagóxica ou mediante a posesión de titulacións que acreditaban a formación pedagóxica e didáctica requirida nas leis educativas.

Non obstante, de acordo coa nova lexislación, **a partir do 1 de outubro de 2009, para exercer a docencia "será necesario estar en posesión dun título oficial de máster que acredite a formación pedagóxica e didáctica"**, aínda que esa nova titulación non será necesaria para aquelas persoas que cumpran unha serie de requisitos.

### Titulacións e requisitos válidos para impartir docencia en secundaria a partir do 1 de outubro de 2009

Poderán exercer como docentes de ensino secundario aquelas persoas que cumpran algún dos seguintes requisitos:

- Estar en posesión do Título Profesional de Especialización Didáctica, do Certificado de Cualificación Pedagóxica ou do Certificado de Aptitude Pedagóxica, unicamente para aquelas persoas que acrediten a súa posesión antes do 1 de outubro de 2009.
- Estar en posesión dun título universitario que habilite para o exercicio do mestrado ou a licenciatura en Pedagogía ou psicopedagogía ou calquera das outras titulacións que estaban exentas de formación pedagóxica e didáctica por incluír esa formación no seu currículo, unicamente para aquelas persoas que acrediten a súa posesión antes do 1 de outubro de 2009.
- Ter impartido docencia durante dous cursos académicos completos ou 12 meses continuos ou discontinuos en ESO ou Bacharelato, antes do final do curso 2008/2009.
- Naqueles casos que aínda non teñen regulada unha formación equivalente ao máster, como EEAA, Deportivas e Profesores Técnicos de FP, non se lles vai esixir para as oposicións de 2010.
- Estar en posesión do máster no momento da publicación da listaxe de aprobados das oposicións que se convoquen en 2010.

### Regulación dos títulos universitarios que habilitan para o exercicio da docencia (máster)

- A titulación de máster en profesorado farase por especialidades xenéricas (p. ex.: Ciencias Experimentais, Matemáticas e Tecnoloxía e Informática), que habilitarán para cada unha das especialidades docentes ás que se queira optar no proceso de concurso-oposición.
- Con carácter xeral, as condicións de acceso ao máster que habilitan para o exercicio do profesorado de ESO, BAC, FP e EOI son as seguintes:
  - Acreditar o dominio das competencias relativas á especialización que se quere cursar (estar en posesión da titulación oportuna).
  - Acreditar o dominio dunha lingua estranxeira equivalente ao nivel B1 do Marco común europeo de Referencia para as Linguas, que con carácter transitorio e durante o presente curso, poderá ser presentado ao finalizar o máster.
- Con carácter xeral, a planificación das ensinanzas conducentes á obtención do título de máster que habilitan para o exercicio do profesorado de ESO, BAC, FP e EOI son as seguintes:
  - Módulo xenérico, que inclúe nocións sobre o desenvolvemento da personalidade, sociolóxicos e psicolóxicos, cunha duración de 12 créditos europeos;
  - Módulo específico, que inclúe o ensino das materias educativas para as que habilita cada máster concreto (xeografía e historia, matemáticas...), cunha duración de 24 créditos europeos; e
  - Prácticum, cunha duración de 16 créditos europeos.
  - Con carácter xeral, o 80% dos créditos totais do máster serán presencias; con carácter transitorio, neste curso, será do 65%.
- Aqueloutras titulacións, expedidas polas Universidades, que puidesen ser equivalentes ao máster, teñen que ser validadas pola Universidade que as expediu.